5º	CN	5º-CNB1.4.2 - Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.

5º	CN	5º-CNB2.3.1 - Investiga sobre enfermidades relacionadas cunha alimentación inadecuada e presenta conclusións en diversos soportes.
5º	CN	5º-CNB2.3.2 - Coñece os principios das dietas equilibradas, e elabora menús variados identificando ás prácticas saudables.
5º	CN	5º-CNB2.3.3 - Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.
5º	CN	5º-CNB3.3.3 - Identifica algunhas actuacións humanas que modifican o medio natural e as causas de extinción de especies e explica algunhas actuacións para o seu coidado.
5º	CN	5º-CNB4.3.1 - Identifica e explica as diferenzas entre enerxías renovables e non renovables e argumenta sobre as accións necesarias para o desenvolvemento enerxético, sostible e equitativo
5º	CN	5º-CNB5.2.1 - Coñece algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade e explica os beneficios ou riscos para á sociedade.
5º	CN	5º-CNB5.2.2 - Valora e describe a influencia do desenvolvemento tecnolóxico nas condicións de vida e no traballo.
5º	CN	5º-CNB5.2.3 - Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación.

2.- RELACIÓN DOS ASPECTOS CURRICULARES

Currículo de Ciencias da Natureza en 5º						
Nivel	Área	Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	C.C.	Estándares
5º	CN	e,h,i	<p>CN-B1.7-Aproximación experimental a cuestións científicas próximas á súa realidade.</p> <p>CN-B1.8-Traballo individual e cooperativo.</p> <p>CN-B1.9-A igualdade entre homes e mulleres.</p> <p>CN-B1.10-A conduta responsable.</p> <p>CN-B1.11-A relación cos demais. A resolución pacífica de conflitos.</p> <p>CN-B1.12-Toma de decisións: criterios e consecuencias.</p> <p>CN-B1.13-Desenvolvemento de hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade. Técnicas de traballo. Recursos e técnicas de traballo individual.</p> <p>CN-B1.14-Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes, na aula e no centro.</p> <p>CN-B1.15- Emprego de diversos materiais, tendo en conta as normas de seguridade.</p> <p>CN-B1.16-Elaboración de protocolos de uso das TIC na aula.</p> <p>CN-B1.17-Valoración da necesidade de controlar o tempo destinado ás tecnoloxías da información e da comunicación e do seu poder de adicción.</p>	<p>CN-B1.3-Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais.</p>	CD CAA CMCCT	<p>5º-CNB1.3.1-Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.</p> <p>5º-CNB1.3.2-Cofece e emprega as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das tecnoloxías da información e comunicación.</p> <p>5º-CNB1.3.3-Utiliza algúns recursos ao seu alcance proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar.</p>
5º	CN	b, e, g, h, i	<p>CN-B1.1-Iniciación á actividade científica.</p> <p>CN-B1.2-Emprego de diferentes fontes de información.</p> <p>CN-B1.3-Lectura de textos propios da área.</p> <p>CN-B1.4-Utilización das tecnoloxías da información e comunicación para buscar e seleccionar información, simular procesos e comunicar conclusións sobre os traballos realizados.</p> <p>CN-B1.5-Uso progresivamente autónomo do tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas, imaxes etc.)</p> <p>CN-B1.6-Xestión de ficheiros</p>	<p>CN-B1.1-Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facer predicións sobre sucesos naturais, integrar datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.</p>	CAA CMCCT CD	<p>5º-CNB1.1.1-Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analiza, obtén conclusións, elabora informes e comunica os resultados en diferentes soportes.</p> <p>5º-CNB1.1.2-Exprés oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.</p> <p>5º-CNB1.1.3-Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc.).</p> <p>5º-CNB1.1.4-Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.</p> <p>5º-CNB1.1.5-Efectúa búsquedas guiadas de información na rede.</p> <p>5º-CNB1.1.6-Cofece e aplica estratexias de acceso e traballo na rede.</p>

5º	CN	a,b,c,d	<p>CN-B1.7-Aproximación experimental a cuestións científicas próximas á súa realidade.</p> <p>CN-B1.8-Traballo individual e cooperativo.</p> <p>CN-B1.9-A igualdade entre homes e mulleres.</p> <p>CN-B1.10-A conduta responsable.</p> <p>CN-B1.11-A relación cos demais. A resolución pacífica de conflitos.</p> <p>CN-B1.12-Toma de decisións: criterios e consecuencias.</p> <p>CN-B1.13-Desenvolvemento de hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade. Técnicas de traballo. Recursos e técnicas de traballo individual.</p> <p>CN-B1.14-Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes, na aula e no centro.</p> <p>CN-B1.16-Elaboración de protocolos de uso das TIC na aula.</p> <p>CN-B1.17-Valoración da necesidade de controlar o tempo destinado ás tecnoloxías da información e da comunicación e do seu poder de adicción.</p>	CN-B1.2-Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren dunha forma natural como sobre os que ocorren cando se provocan a través dun experimento ou dunha experiencia.	CSIEE CAA CMCCT	5º-CNB1.2.1-Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
5º	CN	e,h	<p>CN-B2.1-As funcións vitais no ser humano: recoñecemento da nutrición como unha función vital para os seres humanos.</p> <p>CN-B2.2-Identificación dos aparellos relacionados con ela (aparellos respiratorios, dixestivo, circulatorio e excretor).</p> <p>CN-B2.3-Recoñecemento das características básicas do sistema reprodutor humano e as diferenzas entre sexos. Funcionamento do sistema reprodutor.</p> <p>CN-B2.4-Descrición dos sentidos e do sistema nervioso e valoración da súa importancia en relación co medio e co resto dos seres humanos.</p> <p>CN-B2.5-O aparello locomotor</p>	CN-B2.1-Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles.	CMCCT	<p>5º-CNB2.1.1-Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano.</p> <p>5º-CNB2.1.2-Identifica as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.</p>
5º	CN	a,b,c,d,h,k,m	<p>CN-B2.6-Saúde e enfermidade. Principais enfermidades que afectan aos aparellos e sistemas do organismo humano.</p> <p>CN-B2.7-Hábitos saudables para previr enfermidades.</p> <p>CN-B2.8-Trastornos alimenticios.</p> <p>CN-B2.9-Efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.</p> <p>CN-B2.10-Tipos de dietas. Elaboración de menús saudables. Clasificación de alimentos. Análise de etiquetas de produtos.</p>	CN-B2.3-Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables, coñecendo as repercusións para a saúde do seu modo de vida.	CMCCT CSC	<p>5º-CNB2.3.1-Investiga sobre enfermidades relacionadas cunha alimentación inadecuada e presenta conclusións en diversos soportes.</p> <p>5º-CNB2.3.2-Coñece os principios das dietas equilibradas, e elabora menús variados identificando ás prácticas saudables.</p> <p>5º-CNB2.3.3-Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.</p>

5º	CN	e,h	CN-B3.1-Seres vivos e seres inertes. Diferenciación. CN-B3.2-Organización interna dos seres vivos e estrutura dos seres vivos: células, tecidos: tipos; órganos; aparellos e sistemas: principais características e funcións.	CN-B3.1-Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas. Identificar as principais características e funcións	CMCCT CCL	5º-CNB3.1.1-Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas, nomeando as principais características e funcións de cada un deles.
5º	CN	e,h,i	CN-B3.3-Os seres vivos: características, clasificación e tipos. CN-B3.4-Os animais vertebrados e invertebrados, características e clasificación. CN-B3.5-As plantas: a estrutura e fisioloxía. A fotosíntese.	CN-B3.2-Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos	CMCCT	5º-CNB3.2.1-Clasifica aos seres vivos e nomea as principais características atendendo ao seu reino: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos e outros reinos empregando criterios científicos e medios tecnolóxicos. 5º-CNB3.2.2-Utiliza guías na identificación científica de animais vertebrados, invertebrados e plantas.
5º	CN	e,g,h	CN-B4.2-Diferentes procedementos para a medida da masa e do volume dun corpo. CN-B4.3-Explicación de fenómenos físicos observables en termos de diferenzas de densidade. A flotación nun medio líquido.	CN-B4.2-Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para determinar: a masa e o volume dun corpo e as principais características da flotación dos corpos.	CMCCT CCL	5º-CNB4.2.1-Utiliza diferentes procedementos para determinar a medida da masa e do volume dun corpo. 5º-CNB4.2.2-Describe a diferenza entre masa e volume. 5º-CNB4.2.3-Identifica e explica as principais características da flotación nun medio líquido.
5º	CN	e,h	CN-B4.1-Comparación e clasificación dos materiais segundo propiedades físicas observables: dureza, solubilidade, estado de agregación e condutividade térmica.	CN-B4.1-Coñecer e comparar para clasificar materiais segundo as súas propiedades observables: dureza, solubilidade, estado de agregación e condutividade térmica	CMCCT	5º-CNB4.1.1-Coñece e clasifica materiais segundo as súas propiedades (dureza, solubilidade, estado de agregación e condutividade térmica).
5º	CN	c,e,h,j	CN-B5.1-. Uso das máquinas eléctricas na vida cotiá e doméstica. Normas de seguridade. CN-B5.2-As máquinas eléctricas. CN-B5.3-A transmisión da electricidade. CN-B5.4-Elementos dos circuitos eléctricos. CN-B5.5-Efectos da electricidade. CN-B5.6-Condutores e illantes.	CN-B5.1-Planificar e construír, de forma cooperativa, un circuito eléctrico simple que responda a un problema dado, atendendo ás normas de seguridade.	CMCCT CCL	5º-CNB5.1.1-Observa e identifica os elementos dun circuito eléctrico e constrúe un. 5º-CNB5.1.2-Observa, identifica e explica algúns efectos da electricidade da vida cotiá. 5º-CNB5.1.3-Expón exemplos de materiais condutores e illantes, argumentado a súa exposición.
5º	CN	a,e,h,i	CN-B5.1-Uso das máquinas eléctricas na vida cotiá e doméstica. Normas de seguridade. CN-B5.2-As máquinas eléctricas. CN-B5.3-A transmisión da electricidade. CN-B5.4-Elementos dos circuitos eléctricos. CN-B5.5-Efectos da electricidade. CN-B5.6-Condutores e illantes. CN-B5.7-A ciencia: presente e futuro da sociedade. Beneficios e riscos das tecnoloxías e produtos. Importantes descubrimentos e inventos.	CN-B5.2-Investigar sobre a evolución dun obxecto, aparello ou máquina ao longo da historia, utilizando distintas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes.	CMCCT CCL CSC CCEC	5º-CNB5.2.1-Coñece algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade e explica os beneficios ou riscos para á sociedade. 5º-CNB5.2.2-Valora e describe a influencia do desenvolvemento tecnolóxico nas condicións de vida e no traballo. 5º-CNB5.2.3-Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación.

5º	CN	a,b,c,e,g,h,i	CN-B1.18-Planificación e realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións, formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, montando, realizando e extraendo conclusións e presentando informes en diferentes soportes.	CN-B1.4-Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.	CMCCT CCL CSC CD CAA CSIEE	5º-CNB1.4.1-Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados. 5º-CNB1.4.2-Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.
5º	CN	a,e,h,i,l,o	CN-B3.6-As relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. CN-B3.7-. Características e compoñentes dun ecosistema. CN-B3.8-Observación e estudo dun ecosistema próximo, recoller datos, facer hipóteses e recollendo os resultados en diferentes soportes. CN-B3.9-Actuacións humanas que modifican o medio natural. Extinción de especies. CN-B3.10-Interese pola observación e polo estudo rigoroso de todos os seres vivos. CN-B3.11-Emprego de medios tecnolóxicos para o estudo dos seres vivos.	CN-B3.3-Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos	CMCCT CCL CD	5º-CNB3.3.1-Coñece e explica, con rigorosidade, as principais características e compoñentes dun ecosistema. 5º-CNB3.3.2-Investiga con criterio científico, ecosistemas próximos e presenta resultados en diferentes soportes. 5º-CNB3.3.3-Identifica algunhas actuacións humanas que modifican o medio natural e as causas de extinción de especies e explica algunhas actuacións para o seu coidado. 5º-CNB3.3.4-Usa a lupa e outros medios tecnolóxicos para a observación científica. 5º-CNB3.3.5-Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utiliza os instrumentos e os medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados e comunica de xeito oral e escrito os resultados.
5º	CN	a,e,h	CN-B4.4-Fontes de enerxía e materias primas: a súa orixe. Enerxías renovables e non renovables. CN-B4.5-Fontes de enerxías renovables e non renovables. O desenvolvemento enerxético, sostible e equitativo.	CN-B4.3-Identificar e explicar as características das fontes de enerxía renovables e non renovables e a súa influencia no desenvolvemento sostible.	CMCCT CCL CSC	5º-CNB4.3.1-Identifica e explica as diferenzas entre enerxías renovables e non renovables e argumenta sobre as accións necesarias para o desenvolvemento enerxético, sostible e equitativo
5º	CN	b,c,e,g,h,i	CN-B4.6-Realización de experiencias sinxelas sobre reaccións químicas habituais na vida cotiá e doméstica: a combustión, a oxidación e a fermentación. CN-B4.7-. Identificación de produtos químicos habituais no fogar e dos posibles riscos para o organismo. CN-B4.8-Identificación na etiquetaxe dos símbolos de perigo máis comúns.	CN-B4.4-Realizar experiencias sinxelas, de forma cooperativa, sobre reaccións químicas habituais na vida cotiá; formular problemas, enunciar hipóteses, seleccionar o material necesario, extraer conclusións e comunicar os resultados en diferentes soportes.	CMCCT	5º-CNB4.4.1-Realiza experiencias sinxelas, en equipo, sobre reaccións químicas habituais na vida cotiá; formular problemas, enunciar hipóteses, seleccionar o material necesario, extraer conclusións e comunicar os resultados en diferentes soportes. 5º-CNB4.4.2-Identifica produtos químicos habituais no fogar e os posibles riscos para o organismo. 5º-CNB4.4.3-Identifica e explica os símbolos de perigo máis comúns na etiquetaxe. 5º-CNB4.4.4-Respecta as normas de uso, de seguridade, de conservación e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo, na aula e no centro.

3.- TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO			
CURSO	2017/2018		
NIVEL	5º PRIMARIA	ÁREA	Ciencias da Natureza (CN)

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN		C.C.
						% peso no curso	Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
CN-B1.1	5º-CNB1.1.1 - Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízaa, obtén conclusións, elabora informes e comunica os resultados en diferentes soportes.	Busca, selecciona, organiza información, obtén conclusións e comunica os resultados.	X	X	X	2.5 %	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCL CSIEE CAA CD CMCCT
CN-B1.1	5º-CNB1.1.2 - Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.	Expresa de forma clara contidos relacionados coa área.	X	X	X	2.5 %	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCL CMCCT
CN-B1.1	5º-CNB1.1.3 - Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc.).	Utiliza o tratamento de textos.	X	X	X	2.5 %	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCL CSIEE CMCCT CD
CN-B1.1	5º-CNB1.1.4 - Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.	Utiliza estratexias para acceder a información.	X	X	X	2.5 %	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CMCCT CAA CCL
CN-B1.1	5º-CNB1.1.5 - Efectúa buscas guiadas de información na rede.	Realiza buscas guiadas na rede.	X	X	X	2.5 %	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de	CAA CMCCT CD

							control/cotexo.	
CN-B1.1	5º-CNB1.1.6 - Coñece e aplica estratexias de acceso e traballo na rede.	Coñece estratexias de traballo na rede.	X	X	X	2.5 %	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>	CAA CMCCT CD
CN-B1.2	5º-CNB1.2.1 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	Manifesta autonomía na planificación de accións e tarefas e na toma de decisións.	X	X	X	2.5 %	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>	CSIEE CAA CMCCT
CN-B1.3	5º-CNB1.3.1 - Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	Traballa en equipo amosando habilidades para a resolución de conflitos.	X	X	X	2.5 %	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.</p>	CAA CSC CMCCT CSIEE
CN-B1.3	5º-CNB1.3.2 - Coñece e emprega as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das tecnoloxías da información e comunicación.	Coñece as normas de uso de materiais cos que traballa	X	X	X	2.5 %	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>	CMCCT CSC CD
CN-B1.3	5º-CNB1.3.3 - Utiliza algúns recursos ao seu alcance proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar.	Usa algún recursos tecnolóxicos ao seu alcance.	X	X	X	2.5 %	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>	CD CAA CMCCT

CN-B1.4	5º-CNB1.4.1 - Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.	Realiza experiencias sinxelas e pequenas investigación.	X	X	X	2.5 %	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Investigacións.</p>	CMCCT CCLCA A CSIEE
CN-B1.4	5º-CNB1.4.2 - Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.	Presenta un informe cando realiza experiencias sinxelas e pequenas investigación.	X	X	X	2.5 %	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.</p>	CMCCT CCL CSCCD CAA CSIEE
CN-B2.1	5º-CNB2.1.1 - Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano.	Recoñece os principais órganos vitais e o seu funcionamento.		X		2.5 %	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba aberta.</p>	CMCCT
CN-B2.1	5º-CNB2.1.2 - Identifica as principais	Explica as distintas función dos distintos aparellos.		X		2.5 %	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p>	CMCCT

	características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.						INSTRUMENTOS: Proba aberta.	
CN-B2.3	5º-CNB2.3.1 - Investiga sobre enfermidades relacionadas cunha alimentación inadecuada e presenta conclusións en diversos soportes.	Investiga sobre enfermidades derivadas dunha dieta inadecuada		X		2.5 %	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CMCCT CSC
CN-B2.3	5º-CNB2.3.2 - Coñece os principios das dietas equilibradas, e elabora menús variados identificando ás prácticas saudables.	Coñece dietas equilibradas e prácticas saudables.		X		2.5 %	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto.	CMCCT CCLCS C
CN-B2.3	5º-CNB2.3.3 - Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.	Identifica efectos prexudiciais do consumo de alcohol e drogas.		X		2.5 %	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CMCCT CSC
CN-B3.1	5º-CNB3.1.1 - Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas, nomeando as principais características e funcións de cada un deles.	Identifica e describe a estrutura dos seres vivos.	X			2.5 %	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba aberta.	CMCCT CCL
CN-B3.2	5º-CNB3.2.1 - Clasifica aos seres vivos e nomea as principais	Clasifica e identifica as principais características dos seres vivos atendendo ao reino ao que pertencen.	X			2.5 %	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Portfolio.	CMCCT

	características atendendo ao seu reino: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos e outros reinos empregando criterios científicos e medios tecnolóxicos.							
CN-B3.2	5º-CNB3.2.2 - Utiliza guías na identificación científica de animais vertebrados, invertebrados e plantas.	Emprega guías para clasificar vertebrados , invertebrados e plantas.	X			2.5 %	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CMCCT
CN-B3.3	5º-CNB3.3.1 - Coñece e explica, con rigorosidade, as principais características e compoñentes dun ecosistema.	Coñece e explica as principais características dun ecosistema.		X		2.5 %	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto.	CMCCT CCL
CN-B3.3	5º-CNB3.3.2 - Investiga con criterio científico, ecosistemas próximos e presenta resultados en diferentes soportes.	Investiga sobre ecosistemas próximos.		X		2.5 %	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CMCCT CCL
CN-B3.3	5º-CNB3.3.3 - Identifica algunhas actuacións humanas que modifican o medio natural e as causas de extinción de especies e explica algunhas actuacións para o seu coidado.	Identifica causas da extinción de especies e acción humanas que modifican o medio.		X		2.5 %	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CMCCT CSC
CN-B3.3	5º-CNB3.3.4 - Usa a lupa e outros medios	Emprega a lupa e outros medios para a observación científica.	X	X	X	2.5 %	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	CMCCT

	tecnolóxicos para a observación científica.						INSTRUMENTOS: Escala de observación.	
CN-B3.3	5º-CNB3.3.5 - Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utiliza os instrumentos e os medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados e comunica de xeito oral e escrito os resultados.	Observa e explica procesos asociados a vida dos seres vivos.	X			2.5 %	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.</p>	CMCCT CCL CD
CN-B4.1	5º-CNB4.1.1 - Coñece e clasifica materiais segundo as súas propiedades (dureza, solubilidade, estado de agregación e condutividade térmica).	Coñece e clasifica materiais segundo as súas propiedades.			X	2.5 %	<p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario pechado.</p>	CMCCT
CN-B4.2	5º-CNB4.2.1 - Utiliza diferentes procedementos para determinar a medida da masa e do volume dun corpo.	É capaz de determinar masa e volume dun corpo utilizando diversos procedementos.			X	2.5 %	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.</p>	CMCCT
CN-B4.2	5º-CNB4.2.2 - Describe a diferenza entre masa e volume.	Describe a diferenza entre masa e volume.			X	2.5 %	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Portfolio.</p>	CMCCT CCL
CN-B4.2	5º-CNB4.2.3 - Identifica e explica as principais características da flotación nun medio líquido.	Identifica e explica as principais características da flotación.			X	2.5 %	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Portfolio.</p>	CMCCT CCL

CN-B4.3	5º-CNB4.3.1 - Identifica e explica as diferenzas entre enerxías renovables e non renovables e argumenta sobre as accións necesarias para o desenvolvemento enerxético, sostible e equitativo	Coñece as diferencias entre enerxías renovables e non renovables.			X	2.5 %	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CMCCT CCL CSC
CN-B4.4	5º-CNB4.4.1 - Realiza experiencias sinxelas, en equipo, sobre reaccións químicas habituais na vida cotiá; formular problemas, enunciar hipóteses, seleccionar o material necesario, extraer conclusións e comunicar os resultados en diferentes soportes.	Realiza experiencias sinxelas sobre reaccións químicas habituais na vida cotiá.			X	2.5 %	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos.	CMCCT CAA CSIEE CCL CD
CN-B4.4	5º-CNB4.4.2 - Identifica produtos químicos habituais no fogar e os posibles riscos para o organismo.	Coñece produtos químicos do fogar e os riscos para o organismo.			X	2.5 %	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Portfolio.	CMCCT
CN-B4.4	5º-CNB4.4.3 - Identifica e explica os símbolos de perigo máis comúns na etiquetaxe.	Coñece os símbolos de perigo máis habituais na etiquetaxe.			X	2.5 %	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Cuestionario pechado.	CMCCT
CN-B4.4	5º-CNB4.4.4 - Respecta as normas de uso, de seguridade, de	Respecta as normas de uso, de seguridade e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo.			X	2.5 %	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de	CMCCT

	conservación e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo, na aula e no centro.						observación.	
CN-B5.1	5º-CNB5.1.1 - Observa e identifica os elementos dun circuío eléctrico e constrúe un.	Identifica os elementos dun circuío eléctrico			X	2.5 %	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Portfolio.	CMCCT CSIEE
CN-B5.1	5º-CNB5.1.2 - Observa, identifica e explica algúns efectos da electricidade da vida cotiá.	Coñece algún efectos da electricidade na vida cotiá.			X	2.5 %	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CMCCT CCL
CN-B5.1	5º-CNB5.1.3 - Expón exemplos de materiais condutores e illantes, argumentado a súa exposición.	Expón exemplos de materiais condutores e illantes.			X	2.5 %	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CMCCT CCL
CN-B5.2	5º-CNB5.2.1 - Coñece algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade e explica os beneficios ou riscos para á sociedade.	Coñece algún descubrimento e invento e explica os seus beneficios e riscos.			X	2.5 %	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos.	CMCCT CCL CSC
CN-B5.2	5º-CNB5.2.2 - Valora e describe a influencia do desenvolvemento tecnolóxico nas condicións de vida e no traballo.	Valora e describe a influencia do desenvolvemento tecnolóxico			X	2.5 %	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CMCCT CCL CSC
CN-B5.2	5º-CNB5.2.3 - Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no	Coñece e explica algún dos avances da ciencia.			X	2.5 %	PROCEDEMENTOS: Probas específicas.	CMCCT CCL CSC

	fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación.						INSTRUMENTOS: Proba aberta.	CCEC
--	--	--	--	--	--	--	-----------------------------	------

* Indícase entre paréntese a porcentaxe de ponderación de cada instrumento de avaliación, no caso de haber máis dun, de cara a obter a cualificación final.

4.- MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos esixibles serán os establecidos na táboa do punto 3 como grao mínimo para cada estándar.

5.- ENSINANZAS TRANSVERSAIS

Educación do consumidor

- Reducir o consumo excesivo de envases, materiais... mostrando actitudes e compromiso cara á reciclaxe, á redución e á reutilización de residuos.
- Desenvolver actitudes e compromiso ante un uso responsable da enerxía.

Educación ambiental

- Coñecer o medio como un sistema vivo onde o ser humano é un elemento máis, capaz de actuar sobre el, cuestionalo e modificalo, achegando ideas e posibles solucións para a súa mellora e o seu mantemento.
- Desenvolver actitudes de compromiso e respecto co medio, practicando a reciclaxe na medida do posible.
- Desenvolver actitudes de compromiso e respecto co medio, concienciación do bo uso e conservación dalgúns bens naturais como, por exemplo, a auga.

Educación para a saúde

- Coñecer e practicar hábitos elementais de hixiene, alimentación e coidado persoal beneficiosos para a saúde física e mental da persoa e que melloran a súa calidade de vida.
- Valorar a importancia de coñecer nocións básicas de primeiros auxilios.

Educación para a paz

- Estimar e valorar a lingua oral e escrita como medio para establecer e mellorar a relación cos demais.

Educación para o lecer

- Demostrar actitudes positivas no desenvolvemento do tempo de lecer.

6.- AVALIACIÓN

Entendemos a avaliación como un elemento fundamental e inseparable da práctica educativa, que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto do proceso de ensino-aprendizaxe.

A avaliación é un **proceso integral**, no que se contemplan diversas dimensións: análise do proceso de aprendizaxe dos alumnos, análise da práctica docente e dos procesos de ensino e, análise da propia programación didáctica.

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será **continua, global, formativa e integradora** de todas as áreas.

Os criterios de avaliación das áreas serán referentes fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias básicas.

Se no proceso de avaliación continua se advirte que un alumno non progresa adecuadamente, tan pronto como se detecten as dificultades de aprendizaxe, adoptaranse medidas de Reforzo Educativo coa finalidade de que o alumnado adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No primeiro trimestre realizarase unha avaliación inicial que servirá de referencia para o desenvolvemento do currículo.

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións, informando por escrito ao alumno e aos pais das cualificacións obtidas. A materia dividirase en temas ou unidades didácticas, proxectos ou tarefas que se repartirán ao longo das tres avaliacións.

Ó longo das actividades e traballos que se fagan en cada unidade didáctica, o profesorado, mediante observacións e análise do traballo do alumnado, rexistrará información detallada sobre o grao de adquisición de cada alumno dos contidos.

O profesorado organizará toda a información que vaia obtendo dos alumnos/as en fichas individuais de observación, empregando escalas de observación (moi ben/ ben/ regular/ mal; sempre/ habitualmente/ algunhas veces / nunca; moito / bastante / pouco / nada ,positivos / negativos ... segundo proceda.

O alumnado será informado desde o principio de curso de como vai ser avaliado así como que aspectos van influír na avaliación (conduta, interese, participación, traballo individual ou en grupo...)

Algúns dos **procedementos e instrumentos** existentes para avaliar lo proceso de aprendizaxe serán:

- Observación sistemática
- Escala de observación.
- Rexistro anecdótico persoal.
- Diario de clase
- Rúbrica
- Análise das producións dos alumnos/as
- Traballos realizados nas clases.
- Caderno de clase.
- Traballos realizados polo alumnado.
- Producións orais.
- Producións escritas
- Intercambios orais cos alumnos/as
- Diálogo.
- Entrevista.
- Postas en común.
- Asembleas.
- Probas específicas
- Obxectivas.
- Cuestionarios abertos ou pechados.
- Resolución de actividades e exercicios.

6.1- AVALIACIÓN INICIAL

DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN INICIAL

Levarémola a cabo o longo do mes de setembro e os instrumentos que usaremos son: expediente académico do alumno, fichas, resúmenes, probas obxectivas encamiñadas a proporcionarnos información e datos acerca do punto de partida de cada alumno; que nos permitan unha mellor atención á diversidade dos alumnos/as e unha metodoloxía adecuada o grupo .

Con obxecto de axustarnos o máximo posible á realidade dos nosos alumnos/as, realízase unha valoración das súas características segundo os seguintes parámetros:

- Que valorar:
 - Rendemento do alumno/a no curso anterior.
 - Personalidade
 - Afeccións e intereses
 - Situación económica e cultural da familia, etc.
- Como obter a información:
 - Informes de titores anteriores.
 - Cuestionario previo aos alumnos/as
 - Entrevista individual
 - Cuestionario aos pais.
 - Entrevista cos pais.
 - Probas orais e escritas, etc...

6.2.-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Teranse en conta os seguintes ámbitos de forma ponderada:

Coñecemento. Conceptos e relacións entre eles	A nota obterase a través de probas e o traballo diario.	Terán un peso sobre a avaliación do 50%
Actitude	A nota obterase da valoración dunha serie de criterios de avaliación detallados no rexistro de actitude.	Ponderará un 15%
Autonomía	A nota obterase da valoración dunha serie de criterios de avaliación referentes á mesma detallados no rexistro de autonomía.	Terá un peso sobre a avaliación final do 15%
Execución de traballos específicos	Individualmente ou en grupo	Terán un peso sobre a avaliación final do 20%

A continuación amosamos algunhas follas de rexistro e rúbricas que nos poden servir para avaliar os aspectos anteriores.

ESCALA DE VERIFICACIÓN DE COMPORTAMENTOS E ACTITUDES				
COMPORTAMENTOS E ACTITUDES	SEMPRE	CON MOITA FRECUENCIA	ÁS VECES	CASE NUNCA
Presta atención en clase.				
Escoita aos compañeiros cando interveñen.				
Participa na aula de forma activa.				
Contribúe ao orde e coidado da aula e materiais.				
Fai preguntas cando non entende.				
Respecta as normas.				
Axuda a outros compañeiros.				
Axústase á actividade que se require en cada momento.				
Realiza de forma correcta as actividades do caderno.				
Usa correctamente o ordenador.				
REXISTRO DE AUTONOMÍA DO ALUMNO				
Utiliza a axenda correctamente.				
Realiza correctamente as tarefas e corrixe os cadernos.				
Estuda o que se explica a diario.				
Pide que se lle aclaren dúbidas xurdidas no estudo.				
Quere saír voluntariamente a corrixir tarefas.				
Expón correctamente de forma oral ou por escrito contidos relacionados coa área.				
Adquire bos hábitos de traballo: ideas principais, esquemas, resumos,...				
É constante na realización das súas responsabilidades.				
Ten boa comprensión tanto de textos orais como escritos relacionados coa área.				
Emprega de maneira axeitada o vocabulario específico da área.				

RÚBRICA PARA TRABALLOS INDIVIDUAIS

	4	3	2	1
INFORMACIÓN	Aparecen tódolos aspectos ou datos relevantes, están ben ordenados e destacados.	Aparecen tódolos aspectos ou datos relevantes, están ordenados pero non destacados.	Aparecen algúns aspectos ou datos relevantes ordenados pero non están destacados.	Os datos que aparecen están incompletos e non están ordenados nin destacados pola súa relevancia.
IMAXES OU ILUSTRACIÓNS	Imaxes axeitadas, en canto ao contido e á forma; relacionadas co tema e de tamaño proporcionado á importancia do texto ao que complementan.	Imaxes adecuadas en canto ao contido, están relacionadas co tema aínda que o tamaño non é proporcionado á importancia do texto que acompañan.	Imaxes pouco axeitadas en contido e forma. Non todas gardan relación co tema e o seu tamaño é desproporcionado á importancia da información.	As imaxes non son axeitadas en contido e forma. Son simplemente decorativas e non se relacionan co tema.
ASPECTO GLOBAL	Presentación atractiva e orixinal.	Presentación atractiva pero pouco orixinal.	Presentación pouco atractiva e pouco orixinal. Hai pouca creación propia, basicamente segue outro modelo.	Presentación moi pouco atractiva e nada orixinal. Copia exacta dun modelo.
ORGANIZACIÓN DA INFORMACIÓN	A información está moi ben organizada, é moi clara e fácil de ler.	En xeral a información é clara e está ben organizada.	Organízase a información pero dunha forma pouco clara. Non facilita a lectura rápida.	A información non é clara e está desordenada, o que dificulta a súa lectura.

Ademais dos aspectos anteriores nos traballos en grupo valorarase:

RÚBRICA PARA TRABALLOS EN GRUPO	
4	Colaboraron e facilitaron o traballo en equipo, cada un responsabilizouse da parte que lle correspondía. Houbo comunicación e aporte de ideas de tódolos membros do equipo, respectando as opinións dos e das demais; no caso dalgún desacordo chegouse a un acordo satisfactorio para o grupo.
3	En xeral houbo colaboración no traballo e cada un responsabilizouse da súa parte. Tiveron algúns problemas de comunicación, que se resolveron ao longo do traballo falando e chegando a acordos.
2	Ao longo do traballo houbo problemas de organización e comunicación, o reparto de actividades non foi equitativo, xa que houbo algúns membros do equipo que traballaron máis que outros. Os problemas que xurdiron foron resoltos por algúns membros e non sempre souberon chegar a un acordo.
1	Cada membro do equipo fixo un traballo por separado, non houbo organización nin disposición de chegar a acordos.

RÚBRICA EXPOSICIÓN ORAL				
	4	3	2	1
PRONUNCIACIÓN	Pronuncia as palabras correctamente e vocaliza ben.	Pronuncia correctamente pero non vocaliza ben.	Comete erros de pronunciación aínda que vocaliza ben.	Comete erros tanto de pronunciación como de vocalización.
VOLUME	Ten un volume adecuado á situación.	Levanta demasiado a voz na exposición.	Fala demasiado baixo ao expoñer.	Expón moi baixo, case non se lle escoita.
POSTURA	Adopta unha postura natural, mirando continuamente ao público.	Mira ao público pero apoiase nalgún sitio(parede, cadeira, mesa...)	Ás veces dá as costas ao público ou desvía a mirada.	Non se dirixe ao público ao expoñer.
CONTIDO	Expón o contido concreto, sen saírse do tema.	Expón o contido, pero en ocasións sáese do tema.	Expón o contido pero fáltanlle algúns datos.	A exposición carece de contido concreto.
SECUENCIACIÓN	Boa estruturación e secuenciación da exposición.	Exposición bastante ordenada.	Algúns erros e repeticións na orde lóxica das ideas.	A exposición carece de orde e repite as ideas continuamente.

7. METODOLOXÍA

A área de Ciencias da Natureza, a partir do recoñecemento da propia identidade e do contorno máis próximo, inicia os alumnos no coñecemento, na análise e na valoración do contorno físico, social e cultural.

A ensinanza da área toma, como base para futuras aprendizaxes, os coñecementos previos que os alumnos adquiriron en contacto co contorno. Partir da propia experiencia esperta o interese por resolver problemas sobre a realidade que os rodea e entender os fenómenos que suceden ao seu redor, tanto os referentes á súa concepción de persoa e ás súas relacións cos demais, como do coñecemento e coidado do contorno natural.

Fronte a un problema, pódense utilizar diferentes estratexias de resolución, distintas hipóteses ou conxecturas, que dan lugar ao contraste e á diverxencia entre diferentes pensamentos. É arredor destas diverxencias onde se fomenta o interese, o espírito analítico e crítico e as posibles respostas do alumnado.

A observación sistemática en situacións diferentes e a experimentación adquiren un papel relevante na interpretación dos feitos e na explicación de fenómenos ou relacións. Todo isto conduce á introdución do método científico.

Dado o carácter interdisciplinario, débese insistir no protagonismo de todas as ciencias que configuran a área de Ciencias da Natureza.

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de adquisición de coñecementos que propoñen:

- Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.
- Progresiva e coidada incorporación de novos contidos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas para o alumno/a de Quinto Curso, que favorecen a súa comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes á vida cotiá, conectando coa adquisición das competencias básicas propias da materia.
- Exercicios e actividades diversificadas que contemplan competencias e intelixencias múltiples: **traballo individual e en grupo, traballo cooperativo en proxectos, tarefas integradas, uso das TIC e actividades e experiencias que traballan contidos fundamentais.**

8.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os recursos cos que se vai contar para levar a cabo esta programación dividirémolos en tres clases: **ambientais, materiais e humanos**.

En canto ós **recursos materiais**, a aula conta con: encerado dixital e encerado branco, diversos libros e dicionarios, biblioteca de aula, un portátil de profesorado e un canón, armario de carga e ultraportátiles ABALAR para o alumnado.

Dentro dos **recursos humanos** ademais cóntase co apoio dos/as docentes especialistas en Lingua Estranxeira, Educación Musical, Educación Física, Relixión, especialista en PT, especialista en AL e unha orientadora.

En canto aos **recursos ambientais**, principalmente as clases realizaranse na aula, agás as sesións semanais de Música, Inglés e Ed. Física que se levarán a cabo nos seus espazos específicos(aula de Música, aula de Inglés e pavillón), ademais de que se poderá contar puntualmente con outros espazos para levar a cabo algunhas actividades, como o patio de recreo ou a biblioteca.

Os distintos **materiais e recursos didácticos** serán: libros dixitais e puntualmente algún libro de texto dos que temos na aula, libros de consulta da biblioteca do centro, dicionarios, internet, cadernos complementarios, cadernos, material didáctico para a ensinanza das linguas, das matemáticas e do coñecemento (regretas, ábacos, xogos de asociacións, láminas...), xogos educativos, biblioteca de aula e material funxible.

9.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En canto se detecten dificultades de aprendizaxe, o centro educativo deberá pór en funcionamento as medidas de RE que se consideren máis convenientes, tanto organizativas como curriculares: apoio dentro ou fora do grupo, agrupamentos flexibles ou adaptacións do currículo.

As medidas de atención á diversidade son entendidas como aquelas medidas organizativas que intentan dar resposta ás necesidades educativas do alumnado das nosas aulas. Poden ser ordinarias e extraordinarias e todas están desenvolvidas dentro do marco de atención global do centro, segundo o Decreto 320/1996 que regula a escolarización dos alumnos con NEAE e a Orde do 6 de outubro

de 1995 que regula a adaptación do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.

30. Como **medidas ordinarias** consideramos as medidas de intervención educativa que non modifican os elementos prescritivos da escolarización ben sexan elementos curriculares ou organizativos:

- REFORZO EDUCATIVO, que será impartido polo propio mestre/a titor/a a aquel alumnado que se vaia detectando e, por suposto, aos repetidores se é que os houbera.
- APOIO, que será levado a cabo polo titor/a do grupo, o mestre de PT e a mestra de AL a todo aquel alumnado que manifeste algunha NEAE, así como aos repetidores.

31. Como medidas de intervención educativa **extraordinarias** consideramos aquelas que modifican elementos prescritivos da escolarización ben curriculares ou organizativos:

- ADAPTACIÓNS CURRICULARES, que serán levadas a cabo polo mestre titor e os especialistas implicados. Consideramos ACI cantos cambios se produzan no currículo co fin de atender ás diferencias individuais do noso alumnado. O equipo ou profesor, ao establecer cada adaptación, deberá determinar con antelación tanto a estratexia a seguir como as características do alumno ou alumna que podan axudar ou entorpecer a estratexia.
- PRÓRROGA OU REDUCIÓN DE PERMANENCIA UN ANO MÁIS NUNHA ETAPA EDUCATIVA.

As modificacións na programación do traballo de aula, a través da variedade de ritmos e actividades, permiten a atención individualizada a cada alumno/a. Constitúen, xunto coa optatividade o recurso de individualización máis frecuente. En termos xerais contémpanse dentro deste apartado todas aquelas medidas que se encamiñan a diversificar o proceso de aprendizaxe con amaño ás diferencias persoais do alumnado en canto a estilos de aprendizaxe, capacidades, intereses e motivacións.

Neste curso 2017-18, no grupo de quinto, só contamos con dous alumnos; un alumno e unha alumna, que formarán un grupo mixto co alumnado do sexto nivel. De principio os reforzos necesarios serán levados a cabo dentro da aula ordinaria polos mestres implicados, asesorados polos mestres especialistas de PT e AL e pola orientadora do centro. Non hai neste grupo ningún alumno/a repetidor, nin tampouco alumnado coa materia pendente do curso anterior.

10.- ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN DAS TICS

O alumnado deste ciclo empregará as novas tecnoloxías maioritariamente, xa que ademais de estar no proxecto ABALAR está tamén no E-dixgal. Na aula traballaremos con:

- Encerado dixital, tanto para a visualización de distintos materiais como para a realización de actividades
- Uso de distintas ferramentas TIC para elaborar os seus traballos: procesadores de texto, Libre Office Impress, Prezi,...
- Uso dos ultraportátiles para a busca de información e para a realización de tarefas, tanto na aula como na casa: libros dixitais, actividades interactivas, dicionarios dixitais, consulta de páxinas web...

11.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Desenvolveremos diferentes actividades ao longo do curso enmarcadas dentro do Proxecto Lector do Centro ou da programación anual de biblioteca:

32. Trabállase a lectura en todas as áreas facendo fincapé na comprensión dos textos, vocabulario, tipoloxías, ... Farémolo de xeito colectivo ou individual, en diferentes soportes : impresos ou electrónicos e con diferentes finalidades: obter datos, resolver un problema, informarnos , etc.
33. Producción de textos escritos de diferentes tipoloxías e finalidades onde terán en conta as normas gramaticais e de morfosintaxe.
TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO			
CURSO	2017/2018		
NIVEL	5º PRIMARIA	ÁREA	Ciencias Socias (CS)

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN		C.C.
						% peso no curso	Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
CS-B1.1	5º-CSB1.1.1 - Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.	Selecciona a información relevante, organiza, obtén conclusións e comunicaas.	X	X	X	2 %	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais (50%). Resumo (50%).	CAA CD CMCCT CCL
CS-B1.1	5º-CSB1.1.2 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.	Manifesta autonomía, iniciativa e asume responsabilidades.	X	X	X	2 %	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSIEE CAA
CS-B1.1	5º-CSB1.1.3 - Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.	Normalmente.	X	X	X	2 %	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL CAA
CS-B1.2	5º-CSB1.2.1 - Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega	Participa en actividades individuais e grupais cooperando e valorando o esforzo.	X	X	X	2 %	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	CSC CAA

	estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material.						INSTRUMENTOS: Escala de observación.	
CS-B1.2	5º-CSB1.2.2 - Adopta un comportamento responsable, construtivo e solidario, respectando diferentes ideas e achegas nos debates e recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático.	Adoita un comportamento responsable respectando diferentes ideas e achegas nos debates respectando os principios democráticos básicos.	X	X	X	2 %	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación (50%). Asemblea (50%).</p>	CSC CAA
CS-B1.3	5º-CSB1.3.1 - Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais.	Emprega de maneira axeitada o vocabulario referido a Ciencias Sociais.	X	X	X	2 %	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase (50%). Producións orais (50%).</p>	CCL CAA CMCCT CSC
CS-B1.3	5º-CSB1.3.2 - Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e /ou escritos de carácter xeográfico, social e histórico.	Expón oralmente de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área.	X	X	X	2 %	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Exposición dun tema.</p>	CCL CMCCT CSC CAA
CS-B1.3	5º-CSB1.3.3 - Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.	Analiza informacións relacionadas coa área empregando as Tics	X	X	X	2 %	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba de interpretación de datos.</p>	CCL CD CMCCT CSC
CS-B2.1	5º-CSB2.1.1 - Describe	Describe como se orixinou o				2 %	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios.	CMCCT

	como é e de que forma se orixinou o Universo e explica os seus principais compoñentes identificando galaxia, estrela, planeta, satélite, asteroide e cometa.	Universo e identifica galaxia, estrela e planeta.		X			INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto.	CCL
CS-B2.2	5º-CSB2.2.1 - Describe as características, compoñentes do Sistema Solar, localizando o Sol no centro do mesmo e os planetas segundo a súa proximidade.	Describe as características e compoñentes do Sistema Solar.		X		2 %	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto.	CMCCT CCL
CS-B2.3	5º-CSB2.3.1 - Define e representa o movemento de translación terrestre, o eixe do xiro e os polos xeográficos, asocia as estacións do ano ao seu efecto combinado e calcula os fusos horarios.	Define e representa o movemento de translación terrestre, o eixo de xiro e os polos xeográficos e asóciaas coas estacións do ano.		X		2 %	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto.	CMCCT CCL CAA
CS-B2.3	5º-CSB2.3.2 - Explica o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre e como unidades para medir o tempo.	Si/non		X		2 %	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais (50%). Producións plásticas (50%).	CMCCT CCL CAA
CS-B2.3	5º-CSB2.3.3 - Define a translación da Lúa identificando e nomeando as fases lunares.	Nomea as fases lunares.		X		2 %	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CMCCT CCL
CS-B2.4	5º-CSB2.4.1 - Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais	Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas e define que é a escala.		X		2 %	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba aberta.	CMCCT CAA

	máis usuais que poden aparecer nel.							
CS-B2.5	5º-CSB2.5.1 - Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que determinan en España.	Define clima e identifica algúns factores que determinan o clima de España.		X		2 %	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto.	CMCCT CCL
CS-B2.6	5º-CSB2.6.1 - Explica que é unha zona climática, nomeando as tres zonas climáticas do planeta e describindo as súas características principais.	Explica que é unha zona climática e nomea as tres grandes zonas climáticas do planeta.		X		2 %	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto.	CMCCT CCL
CS-B2.6	5º-CSB2.6.2 - Describe e sinala nun mapa os tipos de climas de España, e as zonas ás que afecta cada un, interpretando e analizando climogramas de distintos territorios de España e relacionándoos co clima ao que pertence.	Describe e sinala nun mapa os tipos de climas de España e as zonas que afectan a cada un.		X		2 %	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba de interpretación de datos.	CMCCT CAA CCL
CS-B2.7	5º-CSB2.7.1 - Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características das principais paisaxes de España valorando a súa diversidade.	Define paisaxe, identifica os seus elementos e recoñece as principais de España.		X		2 %	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCL CSC CAA
CS-B2.8	5º-CSB2.8.1 - Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en España e as súas vertentes hidrográficas.	Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en España.		X		2 %	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas (50%). Caderno de clase (50%).	CMCCT
CS-B2.8	5º-CSB2.8.2 - Sitúa nun mapa os mares, océanos	Na metade dos casos.		X		2 %	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.	CMCCT

	e os grandes ríos de España.						INSTRUMENTOS: Caderno de clase (50%). Producións plásticas (50%).	
CS-B2.9	5º-CSB2.9.1 - Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste.	Explica a importancia do coidado do medio.		X		2 %	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CSC CCL
CS-B2.9	5º-CSB2.9.2 - Favorece o desenvolvemento sostible e o consumo responsable.	Favorece o consumo responsable.		X		2 %	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CSC CAA
CS-B3.1	5º-CSB3.1.1 - Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución e explica a importancia que a Constitución ten para o funcionamento do Estado español.	Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución.		X		2 %	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CSC CCL
CS-B3.2	5º-CSB3.2.1 - Identifica as principais institucións do Estado español e describe as súas funcións e a súa organización.	Identifica as principais institucións de do Estado español e describe as súas funcións.		X		2 %	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CSC CCL
CS-B3.2	5º-CSB3.2.2 - Identifica e comprende a división de poderes do Estado e cales son as atribucións recollidas na Constitución para cada un deles.	Identifica a división de poderes do Estado e as súas atribucións.		X		2 %	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto.	CSC CCL
CS-B3.3	5º-CSB3.3.1 - Explica a organización territorial de España, nomea as	Explica a organización territorial de España e localiza as distintas comunidades autónomas de		X		2 %	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.	CSC CCL

	estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España, así como as súas provincias.	España, así como as súas provincias.					INSTRUMENTOS: Producións plásticas (50%). Producións orais (50%).	
CS-B3.4	5º-CSB3.4.1 - Valora, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.	Recoñece a diversidade como fonte de enriquecemento cultural.		X		2 %	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CSC CCL
CS-B3.5	5º-CSB3.5.1 - Define demografía e poboación, comprende os principais conceptos demográficos e os principais factores que afectan á de poboación.	Define demografía e poboación e comprende os principais conceptos demográficos.			X	2 %	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto.	CMCCT CCL CSC
CS-B3.5	5º-CSB3.5.2 - Interpreta unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación.	Interpreta unha pirámide de poboación.			X	2 %	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba de interpretación de datos.	CMCCT CAA
CS-B3.6	5º-CSB3.6.1 - Describe os principais rasgos da poboación española.	Describe a maioría dos rasgos da poboación española.			X	2 %	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CCL CSC
CS-B3.6	5º-CSB3.6.2 - Explica o proceso da evolución da poboación en España e describe a incidencia que tiveron nesta, factores como a esperanza de vida ou a natalidade.	Explica o proceso de evolución da poboación en España.			X	2 %	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto.	CCL CSC

CS-B3.6	5º-CSB3.6.3 - Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española.	Describe algúns dos factores que condicionan a distribución da poboación española.			X	2 %	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto.	CCL CSC
CS-B3.6	5º-CSB3.6.4 - Sitúa nun mapa os maiores núcleos de poboación en España e as zonas máis densamente poboadas.	Sitúa nun mapa a metade dos maiores núcleos de poboación en España.			X	2 %	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CSC
CS-B3.7	5º-CSB3.7.1 - Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de inmigrantes ao noso país	Explica o éxodo rural.			X	2 %	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto.	CSC CCL
CS-B3.7	5º-CSB3.7.2 - Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación española: migracións, envellecemento, etc.	Identifica os principais problemas actuais da poboación española.			X	2 %	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto.	CSC CCL
CS-B3.8	5º-CSB3.8.1 - Identifica e define materias primas e produto elaborado e os asocia coas actividades nas que se obteñen.	Identifica e define materias primas e produto elaborado.			X	2 %	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CSC CCL
CS-B3.8	5º-CSB3.8.2 - Describe ordenadamente o proceso de obtención dun produto ata a súa venda e identifica os sectores aos que pertencen.	Describe ordenadamente o proceso de obtención un produto ata a súa venda.			X	2 %	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resumo.	CCL CSC CMCCT
CS-B3.9	5º-CSB3.9.1 - Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao	Identifica os tres sectores de actividades económicas.			X	2 %	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CSC CMCCT

	que pertencen.							
CS-B3.9	5º-CSB3.9.2 - Explica as actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario en España e as súas localizacións nos territorios correspondentes.	Explica as actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario en España.			X	2 %	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CCL CSC
CS-B4.1	5º-CSB4.1.1 - Identifica a idea de idade da historia e data a Idade Media e Moderna, asociándoos aos feitos que marcan os seus inicios e finais.	Identifica a idea de idade da historia.	X			2 %	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto.	CSC CMCCT CCL CCEC
CS-B4.2	5º-CSB4.2.1 - Coñece algunhas fontes da historia representativas de cada unha das idades da historia, facendo fincapé na Idade Contemporánea.	Coñece algunhas fontes da historia.	X			2 %	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto.	CSC CMCCT CAA CCEC
CS-B4.3	5º-CSB4.3.1 - Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos.	Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado percibindo a duración.	X			2 %	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto.	CSC CMCCT CAA CCEC
CS-B4.4	5º-CSB4.4.1 - Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes da Idade Media e Idade Moderna en España.	Sitúa nunha liña do tempo a maioría das etapas históricas máis importantes da Idade Media en España.	X			2 %	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto.	CMCCT CSC CCEC
CS-B4.4	5º-CSB4.4.2 - Identifica e localiza no tempo e no	Localiza no tempo e no espazo os feitos fundamentais da historia	X			2 %	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.	CMCCT CSC

	espazo os feitos fundamentais da historia medieval e moderna de España, describindo as principais características de cada unha delas	medieval e moderna de España.					INSTRUMENTOS: Textos escritos.	CCEC CCL
CS-B4.4	5º-CSB4.4.3 - Explica aspectos relacionados coa forma de vida e organización social de España das distintas épocas históricas estudadas	Explica algúns aspectos relacionados coa forma de vida e organización social de España.	X			2 %	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CSC CCEC CAA
CS-B4.4	5º-CSB4.4.4 - Describe en orde cronolóxica os principais movementos artísticos e culturais da Idade Media e da Idade Moderna en España citando aos seus representantes máis significativos.	Describe en orde cronolóxica os principais movementos artísticos e culturais da Idade Media e Moderna en España.	X			2 %	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba aberta.	CMCCT CSC CCEC
CS-B4.4	5º-CSB4.4.5 - Identifica as características distintivas das culturas que conviviron nos reinos peninsulares durante a Idade Media describindo a evolución política e os distintos modelos sociais.	Identifica as características distintivas das culturas que conviviron na península durante a Idade Media.	X			2 %	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Exposición dun tema.	CCEC CSC CCL
CS-B4.4	5º-CSB4.4.6 - Explica as características da Idade Moderna e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia neste período de tempo (Monarquía dos Austrias, s. XVI-XVII.	Explica as características da Idade Moderna e algúns acontecementos que determinaron cambios fundamentais.	X			2 %	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Exposición dun tema.	CSC CCL CCEC

	Os Borbóns, s. XVIII).							
CS-B4.5	5º-CSB4.5.1 - Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.	Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico.	X			2 %	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC CCEC
CS-B4.6	5º-CSB4.6.1 - Aprecia a herdanza cultural a escala local e nacional como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar.	Aprecia a herdanza cultural a escala local.	X			2 %	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC CCEC

* Indícase entre paréntese a porcentaxe de ponderación de cada instrumento de avaliación, no caso de haber máis dun, de cara a obter a cualificación final.

4.- MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos esixibles serán os establecidos na táboa do punto 3 como grao mínimo para cada estándar.

5.- ENSINANZAS TRANSVERSAIS

Educación para a igualdade

- Conseguir unha visión do mundo libre de discriminacións e rexeitamentos por calquera tipo de razón política, social ou cultural.

Educación ambiental

- Ser conscientes da influencia da contaminación no cambio climático.
- Coñecer e valorar o medio como un sistema vivo.

Educación para a paz

- Respetar e valorar as experiencias e as achegas do resto dos compañeiros e compañeiras.
- Mostrar respecto e tolerancia coas persoas que te rodean, coa diversidade de culturas e coas diferentes formas de vida.

Educación moral e cívica

- Defender activamente os dereitos e os deberes de cada membro da sociedade e valorar o diálogo como instrumento para solucionar os problemas de convivencia e para transmitir ideas, pensamentos e opinións, respectando xuízos e opinións alleas.
- e facilitan a adquisición de competencias a todo o alumnado.

Educación para o lecer

- Demostrar actitudes positivas no desenvolvemento do tempo de lecer.

6.- AVALIACIÓN

Entendemos a avaliación como un elemento fundamental e inseparable da práctica educativa, que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto do proceso de ensino-aprendizaxe.

A avaliación é un **proceso integral**, no que se contemplan diversas dimensións: análise do proceso de aprendizaxe dos alumnos, análise da práctica docente e dos procesos de ensino e, análise da propia programación didáctica.

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será **continua, global, formativa e integradora** de todas as áreas.

Os criterios de avaliación das áreas serán referentes fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias básicas.

Se no proceso de avaliación continua se advirte que un alumno non progresa adecuadamente, tan pronto como se detecten as dificultades de aprendizaxe, adoptaranse medidas de Reforzo Educativo coa finalidade de que o alumnado adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No primeiro trimestre realizarase unha avaliación inicial que servirá de referencia para o desenvolvemento do currículo.

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións, informando por escrito ao alumno e aos pais das cualificacións obtidas. A materia dividirase en temas ou unidades didácticas, proxectos ou tarefas que se repartirán ao longo das tres avaliacións.

Ó longo das actividades e traballos que se fagan en cada unidade didáctica, o profesorado, mediante observacións e análise do traballo do alumnado, rexistrará información detallada sobre o grao de adquisición de cada alumno dos contidos.

O profesorado organizará toda a información que vaia obtendo dos alumnos/as en fichas individuais de observación, empregando escalas de observación (moi ben/ ben/ regular/ mal; sempre/ habitualmente/ algunhas veces / nunca; moito / bastante / pouco / nada ,positivos / negativos ... segundo proceda.

O alumnado será informado desde o principio de curso de como vai ser avaliado así como que aspectos van influír na avaliación (esfuerzo, interese, participación, traballo individual ou en grupo...)

Algúns dos **procedementos e instrumentos** existentes para avaliar lo proceso de aprendizaxe serán:

- Observación sistemática
 - Escala de observación.
 - Rexistro anecdótico persoal.
 - Diario de clase
 - Rúbrica
 - Análise das producións dos alumnos
 - Traballos realizados nas clases.
 - Caderno de clase.
 - Traballos realizados polo alumnado.
 - Producións orais.
 - Producións escritas.
 - Intercambios orais co alumnado
 - Diálogo.
 - Entrevista.
 - Postas en común.
 - Asembleas.
 - Probas específicas
 - Obxectivas.
 - Cuestionarios abertos ou pechados.
 - Resolución de actividades e exercicios.

6.1- AVALIACIÓN INICIAL

DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN INICIAL

Levarémola a cabo o longo do mes de setembro e os instrumentos que usaremos son: expediente académico do alumno, fichas, resúmenes, probas obxectivas encamiñadas a proporcionarnos información e datos acerca do punto de partida de cada alumno/a; que nos permitan unha mellor atención á diversidade dos alumnos/as e unha metodoloxía adecuada o grupo .

Con obxecto de axustarnos o máximo posible á realidade dos nosos alumnos/as, realízase unha valoración das súas características segundo os seguintes parámetros:

- Que valorar:
 - Rendemento do alumno/a no curso anterior.
 - Personalidade
 - Afeccións e intereses
 - Situación económica e cultural da familia.
 - Etc...
- Como obter a información:
 - Informes de titores anteriores.
 - Cuestionario previo aos alumnos/as
 - Entrevista individual
 - Cuestionario aos pais.
 - Entrevista cos pais.
 - Probas orais e escritas.
 - Etc...

6.2.-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Teranse en conta os seguintes ámbitos de forma ponderada:

Coñecementos Conceptos e relacións entre eles	A nota obterase a través de probas e o traballo diario.	Terán un peso sobre a avaliación do 50%
Actitude	A nota obterase da valoración dunha serie de criterios de avaliación detallados no rexistro de actitude.	Ponderará un 15%
Autonomía	A nota obterase da valoración dunha serie de criterios de avaliación referentes á mesma detallados no rexistro de autonomía.	Terá un peso sobre a avaliación final do 15%
Execución de traballos específicos	Individualmente ou en grupo	Terán un peso sobre a avaliación final do 20%

A continuación amosamos algunhas follas de rexistro e rúbricas que nos poden servir para avaliar os aspectos anteriores.

ESCALA DE VERIFICACIÓN DE COMPORTAMENTOS E ACTITUDES

COMPORTAMENTOS E ACTITUDES	SEMPRE	CON MOITA FRECUENCIA	ÁS VECES	CASE NUNCA
Presta atención en clase.				
Escoita aos compañeiros cando interveñen.				
Participa na aula de forma activa.				
Contribúe ao orde e coidado da aula e materiais.				
Fai preguntas cando non entende.				
Respecta as normas.				
Axuda a outros compañeiros.				
Axústase á actividade que se require en cada momento.				
Realiza de forma correcta as actividades do caderno.				
Usa correctamente o ordenador.				

REGISTRO DE AUTONOMÍA DO ALUMNO

Utiliza a axenda correctamente.				
Realiza correctamente as tarefas e corrixe os cadernos.				
Estuda o que se explica a diario.				
Pide que se lle aclaren dúbidas xurdidas no estudo.				
Quere saír voluntariamente a corrixir tarefas.				
Expón correctamente de forma oral ou por escrito contidos relacionados coa área.				
Adquire bos hábitos de traballo: ideas principais, esquemas, resumos,...				
É constante na realización das súas responsabilidades.				
Ten boa comprensión tanto de textos orais como escritos de carácter xeográfico, social ou histórico.				
Emprega de maneira axeitada o vocabulario específico da área.				

RÚBRICA PARA TRABALLOS INDIVIDUAIS

	4	3	2	1
INFORMACIÓN	Aparecen tódolos aspectos ou datos relevantes, están ben ordenados e destacados.	Aparecen tódolos aspectos ou datos relevantes, están ordenados pero non destacados.	Aparecen algúns aspectos ou datos relevantes ordenados pero non están destacados.	Os datos que aparecen están incompletos e non están ordenados nin destacados pola súa relevancia.
IMAXES OU ILUSTRACIÓNS	Imaxes axeitadas, en canto ao contido e á forma; relacionadas co tema e de tamaño proporcionado á importancia do texto ao que complementan.	Imaxes adecuadas en canto ao contido, están relacionadas co tema aínda que o tamaño non é proporcionado á importancia do texto que acompañan.	Imaxes pouco axeitadas en contido e forma. Non todas gardan relación co tema e o seu tamaño é desproporcionado á importancia da información.	As imaxes non son axeitadas en contido e forma. Son simplemente decorativas e non se relacionan co tema.
ASPECTO GLOBAL	Presentación atractiva e orixinal.	Presentación atractiva pero pouco orixinal.	Presentación pouco atractiva e pouco orixinal. Hai pouca creación propia, basicamente segue outro modelo.	Presentación moi pouco atractiva e nada orixinal. Copia exacta dun modelo.
ORGANIZACIÓN DA INFORMACIÓN	A información está moi ben organizada, é moi clara e fácil de ler.	En xeral a información é clara e está ben organizada.	Organízase a información pero dunha forma pouco clara. Non facilita a lectura rápida.	A información non é clara e está desordenada, o que dificulta a súa lectura.

Ademais dos aspectos anteriores nos traballos en grupo valorarase:

RÚBRICA PARA TRABALLOS EN GRUPO	
4	Colaboraron e facilitaron o traballo en equipo, cada un responsabilizouse da parte que lle correspondía. Houbo comunicación e aporte de ideas de tódolos membros do equipo, respectando as opinións dos e das demais; no caso dalgún desacordo chegouse a un acordo satisfactorio para o grupo.
3	En xeral houbo colaboración no traballo e cada un responsabilizouse da súa parte. Tiveron algúns problemas de comunicación, que se resolveron ao longo do traballo falando e chegando a acordos.
2	Ao longo do traballo houbo problemas de organización e comunicación, o reparto de actividades non foi equitativo, xa que houbo algúns membros do equipo que traballaron máis que outros. Os problemas que xurdiron foron resoltos por algúns membros e non sempre souberon chegar a un acordo.
1	Cada membro do equipo fixo un traballo por separado, non houbo organización nin disposición de chegar a acordos.

RÚBRICA EXPOSICIÓN ORAL				
	4	3	2	1
PRONUNCIACIÓN	Pronuncia as palabras correctamente e vocaliza ben.	Pronuncia correctamente pero non vocaliza ben.	Comete erros de pronunciación aínda que vocaliza ben.	Comete erros tanto de pronunciación como de vocalización.
VOLUME	Ten un volume adecuado á situación.	Levanta demasiado a voz na exposición.	Fala demasiado baixo ao expoñer.	Expón moi baixo, case non se lle escoita.
POSTURA	Adopta unha postura natural, mirando continuamente ao público.	Mira ao público pero apoiase nalgún sitio(parede, cadeira, mesa...)	Ás veces dá as costas ao público ou desvía a mirada.	Non se dirixe ao público ao expoñer.
CONTIDO	Expón o contido concreto, sen saírse do tema.	Expón o contido, pero en ocasións sáese do tema.	Expón o contido pero fáltanlle algúns datos.	A exposición carece de contido concreto.
SECUENCIACIÓN	Boa estruturación e secuenciación da exposición.	Exposición bastante ordenada.	Algúns erros e repeticións na orde lóxica das ideas.	A exposición carece de orde e repite as ideas continuamente.

7. METODOLOXÍA

A área de Ciencias Sociais, a partir do recoñecemento da propia identidade e do contorno máis próximo, inicia os alumnos no coñecemento, na análise e na valoración do contorno físico, social e cultural.

A ensinanza da área toma, como base para futuras aprendizaxes, os coñecementos previos que os alumnos adquiriron en contacto co contorno. Partir da propia experiencia esperta o interese por resolver problemas sobre a realidade que os rodea e entender os fenómenos que suceden ao seu redor, tanto os referentes á súa concepción de persoa e ás súas relacións cos demais, como do coñecemento e coidado do contorno natural.

A observación sistemática en situacións diferentes e a experimentación adquiren un papel relevante na interpretación dos feitos e na explicación de fenómenos ou relacións. Todo isto conduce á introdución do método científico.

Dado o carácter interdisciplinario, débese insistir no protagonismo de todas as ciencias que configuran a área de Ciencias Sociais.

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de adquisición de coñecementos que propoñen:

- Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.
- Progresiva e coidada incorporación de novos contidos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas para o alumno/a de quinto curso, que favorecen a súa comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes á vida cotiá, conectando coa adquisición das competencias básicas propias da materia.
- Exercicios e actividades diversificadas que contemplan competencias e intelixencias múltiples: **traballo individual e en grupo, traballo cooperativo en proxectos, tarefas integradas, uso das TIC e actividades e experiencias que traballan contidos fundamentais.**

8.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os recursos cos que se vai contar para levar a cabo esta programación dividirémolos en tres clases: **ambientais, materiais e humanos**.

En canto ós **recursos materiais**, a aula conta con: encerado dixital e encerado branco, diversos libros e dicionarios, biblioteca de aula, un portátil de profesorado e un canón, armario de carga e ultraportátiles ABALAR para o alumnado.

Dentro dos **recursos humanos** ademais cóntase co apoio dos/as docentes especialistas en Lingua Estranxeira, Educación Musical, Educación Física, Relixión, especialista en PT, especialista en AL e unha orientadora.

En canto aos **recursos ambientais**, principalmente as clases realizaranse na aula, agás as sesións semanais de Música, Inglés e Ed. Física que se levarán a cabo nos seus espazos específicos(aula de Música, aula de Inglés e pavillón), ademais de que se poderá contar puntualmente con outros espazos para levar a cabo algunhas actividades, como o patio de recreo ou a biblioteca.

Os distintos **materiais e recursos didácticos** serán: libros dixitais e puntualmente algún libro de texto dos que temos na aula, libros de consulta da biblioteca do centro, dicionarios, internet, cadernos complementarios, cadernos, material didáctico para a ensinanza das linguas, das matemáticas e do coñecemento (regretas, ábacos, xogos de asociacións, láminas...), xogos educativos, biblioteca de aula e material funxible.

9.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En canto se detecten dificultades de aprendizaxe, o centro educativo deberá pór en funcionamento as medidas de R.E. que se consideren máis convenientes, tanto organizativas como curriculares: apoio dentro ou fóra do grupo, agrupamentos flexibles ou adaptacións do currículo.

As medidas de atención á diversidade son entendidas como aquelas medidas organizativas que intentan dar resposta ás necesidades educativas do alumnado das nosas aulas. Poden ser ordinarias e extraordinarias e todas están desenvolvidas dentro do marco de atención global do centro, segundo o Decreto 320/1996 que regula a escolarización dos alumnos con NEAE e a Orde do 6 de outubro

de 1995 que regula a adaptación do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.

48. Como **medidas ordinarias** consideramos as medidas de intervención educativa que non modifican os elementos prescritivos da escolarización ben sexan elementos curriculares ou organizativos:

- REFORZO EDUCATIVO, que será impartido polo propio mestre/a titor/a a aquel alumnado que se vaia detectando e, por suposto, aos repetidores se é que os houbera.
- APOIO, que será levado a cabo polo titor/a do grupo, o mestre de PT e a mestra de AL a todo aquel alumnado que manifeste algunha NEAE, así como, aos repetidores.

49. Como medidas de intervención educativa **extraordinarias** consideramos aquelas que modifican elementos prescritivos da escolarización ben curriculares ou organizativos:

- ADAPTACIÓNS CURRICULARES, que serán levadas a cabo polo mestre titor e os especialistas implicados. Consideramos ACI cantos cambios se produzan no currículo co fin de atender ás diferencias individuais dos nosos alumnos e alumnas. O equipo ou profesor, ao establecer cada adaptación, deberá determinar con antelación tanto a estratexia a seguir como as características do alumno ou alumna que podan axudar ou entorpecer a estratexia.
- PRÓRROGA OU REDUCIÓN DE PERMANENCIA UN ANO MÁIS NUNHA ETAPA EDUCATIVA.

As modificacións na programación do traballo de aula, a través da variedade de ritmos e actividades, permiten a atención individualizada a cada alumno/a. Constitúen, xunto coa optatividade o recurso de individualización máis frecuente. En termos xerais contémpanse dentro deste apartado todas aquelas medidas que se encamiñan a diversificar o proceso de aprendizaxe con amaño ás diferencias persoais dos alumnos en canto a estilos de aprendizaxe, capacidades, intereses e motivacións.

Neste curso 2017-18, no grupo de quinto, só contamos con dous alumnos; un alumno e unha alumna, que formarán un grupo mixto co alumnado do sexto nivel. De principio os reforzos necesarios serán levados a cabo dentro da aula ordinaria polos mestres implicados, asesorados polos mestres especialistas de PT e AL e pola orientadora do centro. Non hai neste grupo ningún alumno/a repetidor, nin tampouco alumnado coa materia pendente do curso anterior.

10.- ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN DAS TICS

O alumnado deste nivel empregará as novas tecnoloxías maioritariamente, xa que ademais de estar no proxecto ABALAR está tamén no E-dixgal. Na aula traballaremos con:

- Encerado dixital, tanto para a visualización de distintos materiais como para a realización de actividades
- Uso de distintas ferramentas TIC para elaborar os seus traballos: procesadores de texto, Libre Office Impress, Prezi,...
- Uso dos ultraportátiles para a busca de información e para a realización de tarefas, tanto na aula como na casa: libros dixitais, actividades interactivas, dicionarios dixitais, consulta de páxinas web...

11.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Desenvolveremos diferentes actividades ao longo do curso enmarcadas dentro do Proxecto Lector do Centro ou da programación anual de biblioteca:

50. Trabállase a lectura en todas as áreas facendo fincapé na comprensión dos textos, vocabulario, tipoloxías, ... Farémolo de xeito colectivo ou individual, en diferentes soportes : impresos ou electrónicos e con diferentes finalidades: obter datos, resolver un problema, informarnos , etc.
51. Produción de textos escritos de diferentes tipoloxías e finalidades onde terán en conta as normas gramaticais e de morfosintaxe.
52. Proxecto Lector: Dedicaranse tódolos días 30 minutos á lectura ao entrar pola tarde, e os venres faremos unha sesión de 50 minutos. Farase de distintos xeitos (silenciosa, colectiva, unha persoa le para as demais, ...), con distintos fins (lectura por pracer, lectura para...,etc) e dende diferentes soportes (libros impresos, pizarra dixital, ordenador, etc)
53. A mochila viaxeira que durante unha semana compartirán coa familia. Nela van diferentes tipos de documentos.
54. Hora da biblioteca: Acoden á biblioteca do centro coa titora para buscar información, coñecer as novidades, ler o que queiran, facer formación de usuarios ou formación documental, préstamo, etc.
55. Participar no desenvolvemento do Proxecto Documental Integrado do centro: "Coidando do noso".

56. Participar en actividades de animación á lectura coma contacontos, encontros con autores ou ilustradores,...

57. Actividades deseñadas para conmemorar o día de.... (a paz, das bibliotecas, a poesía, do libro,etc.).

12.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

A competencia lingüística trabállase desde todas as áreas e materias. A expresión oral e escrita e a comprensión oral son ferramentas básicas para que a comunicación na aula estea garantida.

As actividades que se van organizar para a dinamización da lingua galega serán determinadas polo EDLG .Ditas actividades deberán estar relacionadas cos seguintes aspectos:

- Mellorar o contexto sociolingüístico do centro en lingua galega.
- Maior emprego da lingua galega por parte do alumnado e profesorado.
- Maior presenza ambiental do galego no centro.

Colaboraremos en actividades como:

- Día da biblioteca: 24 de outubro.
- Día da ciencia en galego: durante o mes de novembro.
- Día Internacional do Patrimonio: 16 de novembro
- Participación no concurso “Vindevídeos”, organizado pola SXPL para celebrar a chegada a Galicia do Pergamiño Vindel.
- Día de Rosalía: 24 de febreiro.
- Día do libro: 23 de abril.
- Semana das Letras Galegas.

13.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

O COIDADADO DA PERSOA:

- Procuraremos acadar nos nosos alumnos o benestar emocional.
- Traballaremos a educación en valores segundo os temas xa especificados.
- Prestaremos especial atención á diversidade entendendo a diferenza coma un valor. Realizaranse explicacións e actividades de reforzo e ampliación de cada unha das unidades.
- O alumnado deberá acudir ao centro en condicións axeitadas de hixiene, coa debida puntualidade e coas súas tarefas feitas

O COIDADADO DO ENTORNO:

- Buscamos unha escola aberta e integrada no entorno
- Procuraremos ter un entorno físico agradable:
 - ✓ Traballaranse as normas:
 - De funcionamento da aula:
 - Cumprimento das normas xerais da aula
 - Orden e limpeza na realización das tarefas.
 - Orden e colocación do seu material e das mesas.
 - De funcionamento doutras dependencias:
 - Informática, biblioteca, pavillón

O COIDADADO DAS RELACIÓNS:

- Coas familias: entrevistas persoais con cada unha das familias
- Entre todo o persoal do centro e, en especial entre o profesorado e o alumnado e entre todo o alumnado polo que é necesario levar a cabo unha labor titorial para:
 - ✓ Establecer entre todos unhas normas fundamentais de aula.

✓ Acadar unha cohesión de todo o grupo.

- Participaremos en actividades como:
 - Plan Director: Violencia de xénero / Acoso escolar.
 - Desenvolvemento de actividades para traballar a educación emocional, afectivo-sexual e a igualdade de xénero, en colaboración con ACROFAM.
 - Navega con rumbo.

14.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Estas actividades irán programadas cara a reforzar os contidos adquiridos na aula, a motivación do alumnado fronte ás distintas áreas, así como a potenciar a relación co medio que nos rodea e co contexto social.

En termos xerais, poderán consistir en:

58. Potenciación de actividades interdisciplinares cos demais ciclos e alumnos/as do centro.
59. Asistencia a concertos didácticos.
60. Visualización de documentais ou películas.
61. Saídas polo contorno, exposicións (aprox. unha visita por trimestre).
62. Celebración das distintas conmemoracións que marca o calendario oficial.
63. Traballo no horto escolar. Programa Voz Natura.
64. Actividades encamiñadas a desenvolver o PDI proposto desde a biblioteca escolar, que este curso tratará sobre o patrimonio e levará o nome de "Coidando do noso".

PREVISTAS INICIALMENTE:

- Saída a: Castrolandín (Cuntis), Campo Lameiro ou Casa do Patrón no mes de novembro.

- Actividades conxuntas para celebrar o magosto e o Samaín.
- Actividades para celebrar o Día Universal da Infancia: acudiremos ao Teatro Principal para ver a obra “MANAWEE”, unha peza que trata sobre as emocións que xorden na última etapa da infancia. 20 de novembro.
- Actividades conxuntas con motivo do Día da violencia de xénero. Lecturas, cancións e visionado de curtas. 25 de novembro.
- Do 1 ao 11 de decembro: Conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 10 de decembro: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- Celebración do Nadal: preparación do festival, realización de xoguetes e adornos realizados con materiais de reciclaxe, preparación de doces para o festival de Nadal.
- 30 de Xaneiro: celebración do día da Paz.
- Visita ao Pazo de Oca, Santiago de Compostela ou aos museos científicos coruñeses.
- Celebración do entroido.
- Do 5 ao 9 de marzo: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 8 de marzo: Día da Muller Traballadora, actividades de aula.
- 15 de marzo: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- 7 de abril: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 23 e o 27 de abril de 2017: Semana do libro.
- 9 de maio de 2017: Día de Europa.
- Do 14 ao 18 de maio: Día das Letras Galegas. Semana das Letras.
- 5 de xuño de 2017: Día Mundial do Medio Ambiente.
- Excursión final de todo o alumnado do centro. Mes de xuño.

15.- AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	RESULTADOS ACADÉMICOS	PROPOSTAS DE MELLORA
Preparación da clase e dos materiais didácticos	Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.	
	Existe unha distribución temporal equilibrada.	
	O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.	
Utilización dunha metodoloxía adecuada	Tivéronse en conta aprendizaxes significativas. Considerárase a interdisciplinidade (en actividades, tratamento dos contidos etc.).	
	A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.	
Regulación da práctica docente	Grao de seguimento dos alumnos.	
	Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.	
	Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.	
Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles da aos alumnos e ás familias	Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.	
	Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.	
	Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.	
	Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer: <ul style="list-style-type: none"> • Aos alumnos. • Ás familias. 	
Utilización de medidas para a atención á diversidade	Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.	
	Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.	
	As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.	
	Aplicáronse medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.	

16.- MODIFICACIÓNS DE MELLORA DA PROGRAMACIÓN ANTERIOR

Tendo en conta os resultados da avaliación recollidos no cadro anterior consideramos necesario mellorar nos seguintes aspectos:

- Facer unha temporalización máis equilibrada, coordinando mellor as actividades complementarias e extraescolares coa programación de aula e coas tarefas e proxectos que se desenvolvan ao longo do curso.
- Na metodoloxía empregada deberíamos incidir máis no traballo por proxectos, UDI, traballo colaborativo... para favorecer a motivación do alumnado. Este aspecto tentaremos melloralo traballando no PFPP deste curso sobre novas metodoloxías.
- Ampliación dos recursos empregados na aula, intentando que sexan máis atractivos para o alumnado.
- Continuaremos adecuando a forma de avaliar aos novos cambios introducidos coa LOMCE, mellorando na información da avaliación ás familias.
- Na atención á diversidade, aínda que consideramos que os recursos e medidas adoptadas foron as correctas, deberíamos conseguir unha maior implicación por parte das familias.